



E logo que é iso dos 50.000 artigos?

Este pasado sábado publicábase neste xornal unha nova de interese para quen na rede procuramos información na lingua que nos é propia. Salientábase que a Galipedia, a nosa enciclopedia libre, viña de acadar os 50.000 artigos únicos, unha cifra de peso e mérito colectivo, madría leva que si.

Malia que o groso quedou dito, algúns aspectos —se cadra por unha mera cuestión de tempo e espazo; cousas do xornalismo, da súa actualidade e do seu gusto pola concreción— non deron saído á luz, o que é unha mágoa. Así as cousas, por que non mencionar brevemente o choio co que se lidia decote na nosa xeitosa rama do proxecto Wikipedia.

Nos últimos tempos, diversos usuarios traballan fornecendo información acerca de: fauna e flora de Galiza, cidades europeas, música latinoamericana, xogadores e equipos galegos, variedades dialectais e linguas, tipos de toxicidade, economía por país e un longo etcétera que chega, sen tirar moito da manta, até unha relación de escritores en lingua galega ou unha listaxe de pseudónimos e sobrenomes galegos. Por outra banda, hai quen se encargan de categorizar estes artigos e quen, con moi bo criterio, andan a recoller toda unha escolma fotográfica do país, que dota a nosa enciclopedia dun vasto e enxebre álbum fotográfico. Todo moi galego, non si? E cales son as principais problemáticas? Unha delas, sen dúbida, o vandalismo, que curiosamente adoita estar redactado en lingua castelá, e que vén sendo a destrución de información ou os insultos entre grupos de escolares —están na idade, supoño—. Logo tamén están as rifas civilizadas que non obstante, tarde ou cedo, acaban cunha solución de consenso (véxanse, por exemplo, os artigos da Fala de Extremadura, o da Terra Eo-Navia, o da Lavanda ou mesmo un dos artigos estrela: Reino de Galiza). E por último están os problemas menores, como artigos demasiados curtos, sen formato, ateigados de grallas lingüísticas, sen referenciado no que se apoiar, e similares. Porque, por certo, referenciar a información é un *sine qua non* do proxecto global, e concretamente na Galipedia a norma aplícase de forma estrita, sen fisuras nos artigos predispostos á polémica. Máis preguntas: cal é o perfil do usuario medio da Galipedia? Francamente, non o hai. Traballan nela dende rapazas e rapaces nados na década dos noventa até señores xubilados ou en idade de; uns son profesores, outros médicos, historiadores, enxeñeiros, outros estudantes e outros parados; mulleres e homes, a meirande parte galegos, mais tamén os hai xaponeses, dinamarqueses, arxentinos ou franceses. E as filias e as fobias son do máis diverso e a maneira de redactar tamén. Se cadra —aventúrome— o único punto común entre galipedistas é o amor pola terra e pola lingua do que falaba, tamén neste xornal, Xesús Palmou.

Concluindo, que o tempo e o espazo novamente apreman: paga a pena entrar e

participar do proxecto, achegar o que un sabe e enchouparse do saber dos outros.
E todo isto en galego, claro que si.